



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

NORMATIVA DA LIGA GALEGO-PORTUGUESA DE CLUBES 2008

INSCRIPCIÓNS:

1. Para realizar a inscrición, os clubs deberán presentar fotocopia da licencia federativa de cada deportista, xunto co documento anexo (número 1) cuberto de forma axeitada.
2. Unha vez realizada a inscrición dun deportista por un club, non poderá cambiar de club, aínda que nunca competise co club do que quere darse de baixa.
3. As inscricións deberán estar no poder do Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade da Federación ou Asociación correspondente **dez días** antes da celebración de cada xornada, non admitíndose inscrición algunha que sexa presentada fóra deste prazo.
4. As licencias dos participantes en cada xornada entregaranse na Secretaría, unha hora antes do comezo das probas.

EQUIPOS E PARTICIPANTES

1. Os clubs terán que inscribir o mínimo de 3 patinadores federados en cada xornada de competición para competir dentro dunha das categorías que se detallarán con posterioridade.
 - a. Os clubs que participen con 3 patinadores nunha determinada categoría (en cada xornada de competición e cada proba), poderán acceder á clasificación xeral por club, puntuando cos 3 patinadores en cada proba e xornada na que participen.
 - b. Os clubs que participen con máis de tres patinadores nunha determinada categoría (en cada xornada de competición e cada proba), poderán acceder á clasificación xeral por club, puntuando cun número mínimo de 3 patinadores (os tres primeiros en chegar á meta en cada proba), aínda que este número poderá ascender se os outros clubs participantes en dita categoría tamén teñen máis de 3 patinadores cada un.
 - c. Os clubs que participen con 2 patinadores nunha determinada categoría (en cada xornada de competición e cada proba), poderán acceder á clasificación xeral por club, puntuando cos 2 patinadores que o representan en cada proba e xornada na que participen.
 - d. Os clubs que só teñan un patinador nunha determinada categoría, poderán participar na liga, pero non puntuarán na clasificación xeral como equipo.
 - e. Nas probas por equipos o mínimo establecido é de 2 patinadores por equipo.
2. En cada carreira participarán os patinadores de cada equipo que fóran inscritos nesa categoría.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

3. A competición presenta seis ligas paralelas dependendo da categoría na que se atope o patinador. Os clubs poderán presentarse ás diferentes ligas, en función das seguintes categorías:
 - a. Liga de categorías superiores, masculina e feminina: categoría xuvenil/cadetes(1993-1994), junior (1991/1992) e senior (1990 e anteriores).
 - b. Liga de categorías intermedias, masculina e feminina: categoría infantil/iniciados(1995-1996) e alevín/infantis (1997-1998).
 - c. Liga de categorías inferiores, masculina e feminina: categoría mini (2001 e posteriores) e benxamín/escolares (1999-2000).
4. Cada patinador terá que participar na liga da categoría que lle corresponda, segundo a súa idade.
5. Un clube poderá inscribir a un patinador de último ano dunha categoría, na categoría inmediatamente superior, pero deberá permanecer competindo nesa categoría tódalas xornadas da competición. Deste xeito, os infantis/iniciados (1994) poderán participar na categoría superior, e os benxamíns/escolares (1998) poderán participar nas categorías intermedias.

FORMA DE CELEBRARSE

1. A competición se celebrará só nas áreas de xurisdición da F.G.P e a Associação de Patinagem de Aveiro (A.P.A).
2. Tódalas xornadas da competición celebraránse entre os meses de xaneiro e marzo da tempada 2008, a partir das 15:00h do sábado e ás 10:00h do domingo.
3. En cada xornada de competición deberán programarse dúas probas para cada categoría: unha de corta distancia e unha proba de larga distancia.
4. Na liga de categorías superiores existirá unha proba por equipo que substituirá á proba de longa distancia na segunda xornada de cada fin de semana (1500m Contrareloxo por equipos ou 5000 m relevos á americana).
5. Unha hora antes do comezo das competicións, a pista ou circuito estará libre para a preparación e quencemento dos participantes.
6. Entre cada proba do programa de competición non se realizará ningún outro tipo de competición ou espectáculo, deixando tempo entre carreira e carreira para quencemento e recuperación dos participantes.
7. Debido a cuestións climatolóxicas, é preciso que a organización teña reservada unha instalación cuberta (indoor) para cada xornada de competición, a maiores, co fin de que a competición se poda levar a cabo no caso de que as condicións climatolóxicas non permitan facelo no exterior.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

8. Igualmente, o punto 7 debe estar reflexado no programa de competición, contemplando dita situación duplicada, en tódolos ámbitos do mesmo.
9. A reunión dos Delegados dos Equipos realizaráse, en tódolos casos, ata 30 minutos antes do comezo das carreiras, na secretaría das instalacións.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

1. Nas probas de relevos/Americana por equipos o sistema de puntuación será o seguinte:
 - a. Primeiro equipo clasificado = número de equipos multiplicado por tres.
 - b. Segundo equipo clasificado = número de equipos menos 1 multiplicado por tres.
 - c. Terceiro equipo clasificado = número de equipos menos 2 multiplicado por tres, e así sucesivamente.
2. No resto de probas, o sistema de puntuación será o seguinte:
 - a. Outorgarase a cada participante unha puntuación segundo a orde de chegada:
 - i. Primeiro clasificado = número de participantes na proba.
 - ii. Segundo clasificado = número de participantes na proba menos 1.
 - iii. Terceiro clasificado = número de participantes na proba menos 2, e así sucesivamente.
3. No caso de que algún clube presente 1 único patinador a unha determinada categorías, nalgunha proba ou xornada, dito patinador non proporcionará puntuación para o seu equipo de cara á puntuación xeral por clube.
4. Sumaránse os puntos obtidos polos 3 primeiros patinadores de cada clube e categoría, e o resultado da suma destes puntos será a que se lle asigne a cada clube na proba.
5. No caso de que tódolos clubes participantes teñan máis de 3 patinadores nunha determinada categoría, seleccionárase ó clube que menor número de participantes presente. Ese clube será o que determine o número máximo de patinadores que puntuarán por clube (para unha determinada categoría) en cada proba dunha xornada. (Ex: o clube con menos participantes ten 5 patinadores, de modo que tódolos clubes puntuarán cos seus 5 primeiros patinadores).
6. No caso de que participen equipos con 2 patinadores nunha determinada categoría, o número mínimo de patinadores que puntuarán por equipo será de 3 (tal e como está establecido), mentres os que unicamente participan con 2 patinadores, puntuarán con eses 2 patinadores.
7. Os patinadores que durante unha carreira sexan descalificados ou retirados voluntariamente, non puntuarán nesa carreira.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

8. Os patinadores inscritos nunha proba, que causen baixa inxustificada nunha xornada e categoría determinada, non aportarán puntuación para o seu clube nesa xornada ou proba.
9. En caso de empate ó final de tódalas xornadas da liga, terá prioridade a clasificación na proba de Relevos á Americana, que se celebrará na última das xornadas de competición.
10. Para o cómputo final dos puntos, para determinar a orde de clasificación e o equipo Campión en cada categoría, sumaránse os puntos obtidos en tódalas carreiras disputadas de tódalas xornadas desa categoría. Non existirá ningunha proba de hándicap.

NORMAS DISCIPLINARIAS

1. O patinador que acumule TRES amonestacións nunha proba, será descalificado da proba.
2. O patinador que acumule CINCO amonestacións nunha mesma xornada (entre as dúas/tres probas a disputar), non poderá participar na seguinte xornada.
3. O patinador que acumule SEIS amonestacións nunha mesma xornada (entre as dúas/tres probas a disputar), non poderá participar nas dúas seguintes xornadas de competición.
4. Para o resto de infraccións, será aplicado o regulamento de Disciplina Deportiva.

ASIGNACIÓN DA CORDA

1. Para determinar a orde de corda da primeira xornada de competición, efectuaráse un sorteo.
2. A partir da segunda xornada, a orde de corda estableceráse segundo a clasificación xeral dos equipos que compiten.
3. Na proba de contrareloxo, individual ou por equipos, que se celebren a partir da segunda xornada, a orde de saída será o inverso á clasificación xeral dos equipos en cada xornada.

INCOMPARECENCIAS

1. Tódolos equipos que se inscriban para participar na Liga Galego-Portuguesa de Clubes teñen a obrigaón de participar en tódalas xornadas celebradas.
2. A incomparecencia dun equipo nalgunha das xornadas, castigaráse coa expulsión inmediata da Liga, negándosele tamén a súa participación na Liga na tempada seguinte, se non presentan unha xustificación válida concordante co regulamento de disciplina deportiva do país onde se cometeu a falta.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

3. Así mesmo, a incomparecencia dun equipo será considerada como falta moi grave, levantarase acta da súa incomparecencia e será enviada ós órganos disciplinarios competentes, para que dicten as resolucións que procedan, según os Estatutos da F.E.P. e da F.G.P. y F.P.P. e da A.P.A..

NORMAS DE ORGANIZACIÓN

1. Cada equipo organizará a xornada que lle corresponda, contando, conforme o caso, co apoio da F.G.P., ó A.P.A., e correndo coas seguintes responsabilidades:
 - a. Organizar a xornada da Liga e todo o que conleva, rexíndose polo explicitado nas Normas Xerais para a Organización de Probas da Liga Galego-Portuguesa de Patinaxe de Velocidade (anexo II).
 - b. A convocatória dos Xuizes e as súas dietas son da responsabilidade da respectiva Federación/Associação.
2. Tódolos equipos inscritos na Liga Galego-Portuguesa de Clubes deberán enviar, conforme o caso, a composición das plantillas dos equipos, con tódolos datos das licencias territoriais, á Federación Galega de Patinaxe, na sección de Patinaxe de Velocidade, e á Associação de Patinagem de Aveiro, na sección de Patinaxe de Velocidade.
3. Durante toda a tempada, os clubs poderán realizar novas incorporacións as súas respectivas plantillas, sempre e cando cumplan o establecido no Regulamento Xeral de Competicións e Estatutos da F.G.P, ou da A.P.A., comunicando á sección federativa de Patinaxe de Velocidade as altas que se produzan, con 2 semanas de antelación, polo menos, con respecto á celebración da xornada na que desexen inscribir ó novo participante.
4. Os trofeos entregaránse ó final de tódalas xornadas de competición, e será competencia das F.G.P. e A.P.A. facilitalos.
5. Na entrega dos trofeos, tódolos equipos participantes formarán cos seus uniformes deportivos no centro da instalación.
6. Todo o non previsto nas presentes normas, se rexirá polo Regulamento Xeral de Competicións i Estatutos da Federación Galega de Patinaxe e da Federación Española de Patinaxe/ ou Associação de Patinagem de Aveiro e da Federação de Patinagem de Portugal, dependendo de onde se realice a xornada de competición.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

ANEXO II

NORMAS XERAIS PARA A ORGANIZACIÓN DAS PROBAS DE LIGA GALEGO-PORTUGUESA DE PATINAXE DE VELOCIDADE (Tempada 2008)

1º) PUBLICIDADE:

En tódolos carteis (se existen) que anuncien este tipo de probas, debe figurar os nomes e o escudos da Federación Galega de Patinaxe e da Associação de Patinagem de Aveiro.

2º) IMPRESOS:

Nos impresos dos comunicados efectuados, dossiers, resultados, etc..., además do nome da Federación ou entidade organizadora, figurará o da Federación Galega de Patinaxe e Associação de Patinagem de Aveiro.

3º) COMUNICACIÓNS:

A organización establecerá un sistema de impresos para comunicacións, nos que figurarán datos, indicacións ou cambios precisos con respecto a:

- Relación de deportistas e número de dorsais.
- Composición das series se as houbese.
- Cambios na programación.
- Orde de saídas.
-

... e todas aquelas indicacións que fosen necesarias para entregar ós delegados, para o bo desenrolo das probas.

4º) DORSAIS:

Os números dos dorsais deberán ir pintados en negro ou vermello sobre un fondo branco, sendo obrigatorio o uso dun dorsal no maillot no muslo esquerdo e un dorsal centrado na parte lateral esquerda do casco.

Se fose preciso cambiar o lado do dorsal, indicaríase con posterioridade, co fin de garantir unha boa visibilidade destes dorsais para os xueces.

5º) SECRETARÍA:

Co fin de facilitar os traballos, a secretaría da proba estará completamente delimitada, e non terán acceso a ela máis que as persoas indicadas para dita función.

O Clube organizador disporá dun servizo informático e persoal capacitado para o correcto seguimento das probas.

6º) MEGAFONÍA:

Existirá un sistema megafónico e os comentaristas deberán ter presentes os principios de discreción e respecto, tendo o coñecemento preciso do reglamente nos seus aspectos máis importantes. Ditos comentaristas recibirán antes da competición as oportunas directrices por parte do Xuez Árbitro.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

7º) ENTREGA DOS TROFEOS:

Para a entrega dos trofeos correspondentes, a organización porá a disposición do responsable do Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade da Federación ou Asociación correspondente, unha lista de personalidades presentes na competición e os seus cargos respectivos, co fin de organizara distribución correcta e protocolaria.

8º) INSCRIPCIÓNS:

As inscricións deberán estar no poder do Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade da Federación ou Asociación correspondente **10 días antes** da celebración de cada xornada, non admitíndose inscrición algunha que sexa presentada fóra deste prazo.

A tódolos patinadores extranxeiros que se inscriban en Probas Internacionais, esixirásele o Seguro Deportivo Obrigatorio da súa Federación Nacional.

9º) ASISTENCIA MÉDICA:

É obrigatoria a presenza dunha ambulancia debidamente equipada no lugar das probas durante todo o transcurso das mesmas.

10º) MEDIDAS DE SEGURIDADE E SINALIZACIÓN:

A seguridade dos participantes deberá coidarse ó máximo, así como a do público en xeral.

Toda pista ou circuito deberá ofrecer o máximo de medidas de seguridade, protexendo todos aqueles puntos que sexan perigosos con material acolchado ou vallas de protección, e sinalando claramente ditos puntos ou tramos perigosos.

O percorrido deberá estar sinalizado correctamente, e en particular as curvas e as liñas de saída e chegada, sinalando estas, con pintura ou cinta adhesiva branca.

11º) REUNIÓN DE DELEGADOS:

Con antelación á celebración dunha xornada, o Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade da Federación ou Asociación correspondente, comunicará o lugar, día e hora da reunión preparatoria dos delegados e Xuez Árbitro, previa á competición.

Os delegados deberán asistir a dita reunión debidamente acreditados, coa súa licenza federativa correspondente, e coa ficha autonómica federativa dos patinadores que estén inscritos na xornada de competición

12º) BANDEIRAS:

En tódalas xornadas de competición deberá ondear a bandeira da comunidade autónoma organizadora, o país organizador e o resto das comunidades autonómicas participantes.